



003793 18.05.2010 10.45
ELECCIONES 2010 DO REITOR OU DA REITORA

PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS QUE CONCORRERÁN Á SEGUNDA VOLTA

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC, no marco da convocatoria de eleccións do reitor ou da reitora aprobada por resolución reitoral do 23 de febreiro de 2010, e unha vez rematado o prazo establecido para a presentación de recursos ante a CEC contra a proclamación provisional efectuada o día 7 de maio, sen que se presentase ningún recurso,

A Comisión Electoral Central, de conformidade co establecido no artigo 46.3 do Regulamento Electoral Xeral, acordou:

- 1º Que concorrerán a unha segunda elección: don Juan José Casares Long e don Lourenzo Fernández Prieto.
- 2º Publicar o presente acordo na web e nos taboleiros electorais.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión Electoral Central. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2010

(Por delegación do Presidente da Comisión Electoral Central)
A secretaria xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso